



Concello de Ribeira de Piquín

BANDO

AXUDAS PARA PROXECTOS DE ENERXÍAS RENOVABLES TÉRMICAS

O mércores día 01 de xullo saíu publicada no DOG a resolución do Instituto Enerxético de Galicia sobre as axudas para proxectos de enerxías renovables térmicas. Os proxectos limitaranse a instalacións para a xeración de enerxía térmica mediante equipamentos que utilicen biomasa como combustible e outras instalacións de enerxías renovables que utilicen como fonte enerxética a xeotermia, a aerotermia e a solar térmica.

BENEFICIARIOS

Entidades sen ánimo de lucro, empresas legalmente constituídas e autónomos.

GASTOS SUBVENCIONABLES

- O equipamento principal de xeración enerxética (paneis solares, bomba de calor, caldeira...). No caso da biomasa o custo do equipamento térmico e os seus accesorios principais (sistema de regulación e control, sistemas de limpeza, depuración de fumes, extracción de cinzas).
- O resto de accesorios da instalación para o correcto funcionamento do sistema.
- O custo do sistema de almacenamento do combustible.
- O custo do sistema de alimentación do combustible.
- O custo de montaxe e conexión.
- No caso da enerxía xeotérmica, o sistema de captación do recurso xeotérmico: sondaxes, intercambiadores, acumuladores, tubaxes, etc.
- No caso de redes de distribución de calor con biomasa, o custo da rede de distribución de enerxía térmica (ata a sala de caldeira existente se se conecta a ela ou, no caso contrario, ao punto de entrada ao edificio) e, se for o caso, o custo dos sistemas para a conexión coas salas de caldeiras existentes. A obra civil necesaria da sala de caldeiras.
- O IVE, cando non sexa recuperable.

CONTÍA DA AXUDA

A porcentaxe máxima de axuda por proxecto será do **50% no caso de empresas, as súas agrupacións e asociacións e entidades sen ánimo de lucro que realicen actividade económica; e do 80 % no caso de entidades xurídicas sen ánimo de lucro (que non realicen actividade económica).**

PRAZO DE SOLICITUDES

O prazo para presentación de solicitudes da axuda será **DUN MES** contado dende o día seguinte ao de publicación da resolución no DOG.

Para calquera información contactar co Técnico de Emprego no Concello de Ribeira de Piquín, que estará á súa disposición os xoves e os venres de 9:00 a 14:00 horas.

Ribeira de Piquín, 10 de xullo de 2020.

O Alcalde.

Asdo.- Roberto Fernández Rico

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

